

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 25 DE MARZO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a María Dolores Pan Lesta

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Óscar Tomas Barrientos Morales
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte e cinco de marzo do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Óscar Tomás Barrientos Morales, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 18 de marzo de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 18 de marzo de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación da excma. Deputación provincial da Coruña, anuncio de aprobación de proxectos do plan de acondicionamento-conservación de vías provinciais 2025. BOP número 53, de 19-03-2025.

- Presidencia da Deputación da Coruña, Resolución número 12004, de 14 de marzo de 2025, pola que convocan axudas destinadas ao programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025 (FO223/2025). BOP número 55, de 21-03-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 14 ao 20 de marzo de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 228/2025 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 269/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
228/2025	14-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 25 de febreiro de 2025 e continuar coa tramitación dos lotes 1 e 2 do expediente relativo á contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado das "Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025"
229/2025	14-03-2025	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos ao concurso-oposición para a elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de xestión de administración xeral interinos
230/2025	14-03-2025	Convocar proceso para a selección en réxime laboral temporal de tres traballadores/as, dous operarios peón e un oficial albanel, para a execución das obras e servizos aprobados por resolución núm.1394/2024 do concelleiro delegado da área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo
231/2025	14-03-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ACJ
232/2025	14-03-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de marzo de 2025
233/2025	14-03-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de febreiro de 2025 por importe de 52.565,57 euros
234/2025	14-03-2025	Advertido un erro na Resolución desta Alcaldía número 228/2025 do día 14 de marzo de 2025 en concreto no apartado primeiro da parte expositiva, ao consignarse que no Lote 2 se indicou a existencia dun só licitador, cando se presentaron 2. Visto o artigo 109.2 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administacións Públicas, corrixir o erro detectado na resolución citada
235/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 37, letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 4 de

		novembro de 2024 ao obxecto de inhumar os restos mortais de MPRV falecida o día 3 de novembro de 2024. Solicitante: PIFR
236/2025	14-03-2025	Autorizar para a apertura da urna perimetral sinalada ao número 69, letra C, do cemiterio municipal de Cambre, co fin de exhumar os restos de LGM, exhumación que tivo lugar o día 31 de xaneiro do ano 2025. Solicitante: MCVG
237/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 102 letra C no cemiterio municipal de Cambre solicitada en data 6 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de MMMP, que se realizou en data 6 de febreiro de 2025. Solicitante: MLMP
238/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 126 letra B no cemiterio municipal de Cambre, solicitada en data 6 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de DSV, falecida o día 4 de febreiro de 2025. Solicitante: MLFS
239/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna central sinalada co número 70 letra A no cemiterio municipal de Cambre, en data 20 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de MCJ, que se realizou en data 20 de febreiro de 2025. Solicitante: ÁVC
240/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 91 letra A no cemiterio municipal de en data 9 de febreiro de 2025 ao obxecto de inhumar os restos mortais de JMB que se realizou en data 7 de febreiro de 2025. Solicitante: CBV
241/2025	14-03-2025	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 125 letra A no cemiterio municipal de Cambre en data 6 de agosto de 2024 ao obxecto de inhumar as cinzas de JEFV cuxo cadáver foi cremado o día 3 de agosto de 2024, e cuxas cinzas foron inhumadas en dito nicho en data día 3 de agosto de 2024. Solicitante: DRF
242/2025	17-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
243/2025	17-03-2025	Autorizar a substitución das prazas de garaxe do soto 2 do edificio sito na rúa Estanque, e rúa Luis Pimentel, que estaban vinculadas ao edificio sito na rúa Costa da Tapia, O Temple, por imposibilidade técnica de construílas no mesmo, segundo a licenza de obra nº 2022/U022/02 concedida á entidade LT, C.B. por resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras nº 1132/2022 de data 20 de xuño de 2022
244/2025	17-03-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das pólas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación, téndose cortado as árbores cuxas polas invadían a vía pública
245/2025	17-03-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das pólas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, que están a invadir o espazo público ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación
246/2025	17-03-2025	Iniciar expediente de orde de execución a IBC para a roza da vexetación existente na finca sita en Ponte de Cela, Cela e a poda das árbores que están a afectar a infraestruturas de iluminación pública na marxe do camiño de titularidade municipal, así como para a retirada do lixo existente no interior da parcela
247/2025	17-03-2025	Iniciar procedemento sancionador a FGGI S.L. pola realización

		dunha talla no lugar do Souto, Pravio, carecendo de título habilitante municipal e causando danos ao camiño público inventariado e unha arqueta, sen ter depositado o correspondente aval e carecendo de título habilitante municipal
248/2025	17-03-2025	Comparecer no procedemento abreviado número 0000249/2024, demanda interposta pola representación procesual de "Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A." e de JC-DD, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial, ante o Xulgado ContenciosoAdministrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, a trámite da.
249/2025	17-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
250/2025	17-03-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado do recibo de auga núm. 14684/214, por importe de 66,37 euros, así como os xuros de demora. Solicitante: ACP
251/2025	17-03-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado do recibo de auga núm. 9696/241, por importe de 108,12 euros, así como os xuros de demora. Solicitante: M ^a DVM
252/2025	17-03-2025	Recoñecer o dereito á devolución do importe ingresado por duplicado do recibo de auga núm. 14285/234, por importe de 66,96 euros, así como os xuros de demora. Solicitante: SSM
253/2025	17-03-2025	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 20 de marzo de 2025, ás 11:00 horas
254/2025	17-03-2025	Requirir a ARP para que dentro do prazo de 3 meses presente a documentación para regularizar a actividade de compravenda de vehículos e venda de recambios para coches, ademais do depósito de vehículos, en Aián, Sigrás
255/2025	17-03-2025	Desestimar a solicitude presentada por CCP, en representación de CLA, por non quedar suficientemente acreditado que se adoptaron as medidas correctoras suficientes para garantir a correcta limpeza e funcionamento da cheminea e axuste o exercicio da actividade da grellada sita en Curros Enríquez, O Temple ás medidas correctoras establecidas para o seu funcionamento, debendo a tal fin achegar a documentación acreditativa do seu cumprimento
256/2025	17-03-2025	Arquivar o expediente incoado a MCBP para a poda das pólas provenientes da finca sita no lugar de Meixigo, ao terse constatado que se rectificaron as causas que deron lugar á súa incoación, téndose cortado as árbores cuxas polas invadían a vía pública
257/2025	18-03-2025	Deixar sen efecto o nomeamento efectuado por Resolución da Alcaldía núm. 248/2025, do 17 de marzo, a prol de MCPV e encomendar este concello a defensa e representación no procedemento abreviado número 0000249/2024 ante o Xulgado ContenciosoAdministrativo número 3 da Coruña, ao letrada SGU
258/2025	18-03-2025	Nomear a dona LRP graduada social interina, encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, clase Técnicos Medios, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", para ocupar o posto vacante de xefa da Unidade de Réxime Interior, de conformidade co artigo 23-2c) da Lei 2/2015 do emprego público de

		Galicia
259/2025	18-03-2025	Considerar desistida a HRR da solicitude de bonificación do 100% das taxas pola rede de sumidoiros e subministración de auga, segundo o disposto no artigo 5 da Ordenanza Fiscal núm. 15 e artigo 6 da Ordenanza Fiscal núm. 9, solicitada con data 12 de agosto de 2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
260/2025	18-03-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
261/2025	18-03-2025	Considerar desistida a ITGF da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora solicitada con data 04/12/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
262/2025	18-03-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 12/03/2025, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: MPCP
263/2025	19-03-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de data 13 de marzo de 2025, isto con base no informe emitido pola axente de desenvolvemento local, co visto e prace da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, de data 17 de marzo de 2025 e continuar coa tramitación dos lotes 3, 5 e 6 do expediente relativo á contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado dos "Subministros e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025"
264/2025	18-03-2025	Aprobar facturas e gastos por importe total de 1.526,33 euros
265/2025	20-03-2025	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá para o martes 1 de abril de 2025, ás 12.30 horas,
266/2025	20-03-2025	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2024 número 3/2025 por importe de 27.205,33 euros
267/2025	20-03-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: LMFJ
268/2025	20-03-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 4/2025 por importe de 96.804,08 euros correspondentes á anualidade 2025
269/2025	20-03-2025	Delegar a totalidade de funcións que ostenta esta Alcaldía no primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós, que as exercerá os días 29 e 31 de marzo de 2025, ambos incluídos

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal, manifesta que desexa someter a consideración da Xunta de Goberno Local o seguinte asunto:

- Proposta relativa á adxudicación dos lotes 3, 5 e 6, e declaración de deserto do lote 4, do expediente de contratación das "Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025" - Exped. núm. 2024/C005/000013

A Sra. presidenta intervéñe e manifesta a urxencia do asunto vén motivada pola necesidade de acelerar a tramitación deste expediente.

A Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do asunto anteriormente citado, e é aprobada por unanimidade.

ÚNICO. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DOS LOTES 3, 5 E 6, E DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 4, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS "SUBMINISTRACIÓNS E SERVIZOS PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO PROXEDIS SOCIO SANITARIO - EDUCATIVO II 2024 - 2025" - EXPED. NÚM. 2024/C005/000013

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta da Alcaldía de data 21 de marzo de 2025 (CVD: kfRo0FyCXIPgl3ph4A0), que transcrita di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado na plataforma TEDec co número 2024/C005/000013 relativo á contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado das "Subministracións e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego **"PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025"**", composto de seis lotes, dos que os lotes 3, 4, 5 e 6 corresponden a :

- Lote 3:** Subministración de material de papelería e oficina
- Lote 4:** Subministración de artigos de farmacia
- Lote 5:** Subministración de cartelería e dossier informativo
- Lote 6:** Servizo de docencia para impartir módulos transversais

Vista a acta do Órgano de asistencia á Xunta de Goberno Local de data 15 de xaneiro de 2025 (CVD: 4K7SoOkoh48kPJF5DGdW) na que consta que nestes lotes número 3, 4, 5 e 6 presentaron oferta os seguintes licitadores:

- **Lote 3.** Total de licitadores: 1
 - o BURO PLANET S.L.U.
- **Lote 4.** Total de licitadores: 0 - Deserto
- **Lote 5.** Total de licitadores: 1

- o PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.
- **Lote 6.** Total de licitadores: 3
 - o GDOCE GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.
 - o GÁLICA CONSULTORÍA E FORMACIÓN S. COOP. GALEGA.
 - o MARÍA DEL ROCÍO LEIS LESTÓN

Vista a acta do Órgano de asistencia á Xunta de Goberno Local reunido en data 4 de febreiro de 2025 (CVD: rI2KDn/2dXpYLA8HnIJK) na que se propón a adxudicación dos seguintes lotes, ao ter xustificado as empresas a súa oferta inicialmente incurso en presunción de ser anormalmente baixa:

Lote 3: BURO PLANET S.L.U.

Lote 5: PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.U.

Lote 6: GÁLICA CONSULTORÍA E FORMACIÓN S. COOP. GALEGA.

Visto que os licitadores presentaron en prazo a documentación conforme ao establecido na cláusula 16 do PCAP a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Vista a acta da sesión do órgano de asistencia á Xunta de Goberno Local reunido en data 21 de febreiro de 2025, na que se fai constar que a documentación presentada polas empresas propostas para a adxudicación dos lotes 3, 5 e 6, segundo a cláusula 16 do PCAP, é correcta (CVD: Qvtj43UFodvHaP/TIqJr), isto con base no informe emitido pola axente de desenvolvemento local o día 19 de febreiro de 2025 (CVD: RXJO2Rj/74m8Czrdktn).

Visto o informe da secretaria xeral de data 6 de marzo de 2025 (CVD: kBOaT7ALeuZM4S0poep3) no que se informa desfavorablemente a adxudicación dos lotes 3, 5 e 6, e que transcrito di:

“INFORME DE SECRETARÍA

Asunto: Adxudicación dos Lotes 3 :“Subministración de material e papelería e oficina”, Lote 5:“Subministración de cartelería e dossier informativo”, e Lote 6: “Servizo de docencia para impartir módulos transversales” do contrato das subministracións e servizos para a execución do taller de emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-25 .

Expediente TEDeC: 2024/C005/000013

A funcionaria que subscribe, en relación ao asunto de referencia, emite o seguinte **INFORME:**

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica de xestión que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas. Por estas razóns o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.

Sentado o anterior, fanse as seguintes consideracións:

En data 13 de decembro de 2024 por esta Secretaría emitíuse informe (CVD: SK+NvG+4AQdMB0+ZrVeG) que se da por íntegramente reproducido, no que polas consideracións que ne se sinalan informou desfavorablemente

o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: Ec/cl125eeuGPBnH8wny) nos extremos citados nel e o expediente de contratación.

Esta Secretaría se ratifica no sinalado no informe anteriormente citado, polo que informa desfavorablemente a adxudicación do contrato.

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación infórmase que no informe emitido pola Axente de Emprego e Desenvolvemento local de data 19 de febreiro de 2025 (CVD: RXJO2Rj/74tm8Czrdktn) faise constar que examinada a documentación presentada polas empresas se considera correcta segundo o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares lo establecido en lacláusula 16 del PCAP e conforme e axustada ao indicado no PCAP que rexe esta contratación.

Tamén para o caso de que sexa outro o criterio do órgano de contratación verbo do sostido pola que subscribe, deberáse incorporar ao expediente o preceptivo informe de fiscalización emitido pola interventora municipal.

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmase **desfavorablemente** a adxudicación dos Lotes 3 : "Subministración de material e papelería e oficina", Lote 5: "Subministración de cartelería e dossier informativo", e Lote 6: "Servizo de docencia para impartir módulos transversales" ás empresas BUROPLANET, SLU, PUBLIPRINTERS GLOBAL, S.L, e GÁLICA CONSULTORÍA E FORMACIÓN S. COOP. GALEGA respectivamente.

Non se estudan os restantes extremos do expediente polo sinalado na cuestión previa.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.

Cambre, á data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

(Asinado dixitalmente)"

Visto o INFORME INTERVENCIÓN REFERENCIA LMR LOTES 3-5-6 FASE D/2025 de data 13 de marzo de 2025 (CVD: 20nEHxO7Q/QQwLobGCjN) de fiscalización previa da adxudicación do contrato dos Lotes 3, 5 e 6 correspondentes ao contrato das subministracións e dos servizos para a execución do Taller de Emprego "PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II". Expediente 2024/C002/000013, de carácter desfavorable con efectos suspensivos no que, entre outras cousas, di:

" (...)

D. RESULTADO DA FISCALIZACIÓN PREVIA (art.219.2 TRLRHL)

[X] Fiscalizado **desfavorablemente** sen efectos suspensivos

- **X*.B:** o informe de secretaría á adxudicación é desfavorable.

[X] Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):

- **X*.A:** tal e como advertín no meu informe referencia LMR-BIS PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II-A /2024 asinado o 16.12.2024 (CVD: WFjMYUJao1klbfBW4Rgk), **os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.**

O **reparo** emitidos **suspenden** a tramitación do expediente ata que, no caso de existir discrepancias, sexa **levantado** pola **alcaldía**, facultade **indelegable**, dacordo có procedemento regulado no artigo **15 do RD 424/2017, do 28 de abril**:

"1. Sin perjuicio del carácter suspensivo de los reparos en los términos previstos en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, las opiniones del órgano interventor respecto al cumplimiento de las normas no prevalecerán sobre las de los órganos de gestión. Los informes emitidos por ambos se tendrán en cuenta en el conocimiento de las discrepancias que se planteen, las cuales serán resueltas definitivamente por el Presidente de la Entidad Local o por el Pleno, de acuerdo con lo previsto en el artículo 217 y en el apartado 2 del artículo 218 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales y en los apartados siguientes de este artículo.

2. Cuando el órgano gestor no acepte el reparo formulado por el órgano interventor en el ejercicio de la función interventora planteará al Presidente de la Entidad Local una discrepancia.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, corresponderá al Pleno la resolución de las discrepancias cuando los reparos:

a) Se basen en insuficiencia o inadecuación de crédito.

b) Se refieran a obligaciones o gastos cuya aprobación sea de su competencia.

3. En el plazo de quince días desde la recepción del reparo, las discrepancias se plantearán al Presidente o al Pleno de la Corporación Local, según corresponda, y, en su caso, a través de los Presidentes o máximos responsables de los organismos autónomos locales, y organismos públicos en los que se realice la función interventora, para su inclusión obligatoria, y en un punto independiente, en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

La discrepancia deberá ser motivada por escrito, con cita de los preceptos legales en los que sustente su criterio.

Resuelta la discrepancia se podrá continuar con la tramitación del expediente, dejando constancia, en todo caso, de la adecuación al criterio fijado en la resolución correspondiente o, en su caso, a la motivación para la no aplicación de los criterios establecidos por el órgano de control.

La resolución de la discrepancia por parte del Presidente o el Pleno será indelegable, deberá recaer en el plazo de quince días y tendrá naturaleza ejecutiva.

4. El Presidente de la Entidad Local y el Pleno, a través del citado Presidente, previamente a la resolución de las discrepancias, podrán elevar resolución de las discrepancias al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

A tales efectos, el Presidente remitirá propuesta motivada de resolución de la discrepancia directamente a la Intervención General de la Administración del Estado o al órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, concretando el extremo o extremos acerca de los que solicita valoración. Junto a la discrepancia deberá remitirse el expediente completo. Cuando el Presidente o el Pleno hagan uso de esta facultad deberán comunicarlo al órgano interventor y demás partes interesadas.

La Intervención General de la Administración del Estado o el órgano equivalente, en el caso de que la Comunidad Autónoma tenga atribuida la tutela financiera, sin perjuicio de su facultad para recabar los informes o dictámenes que sean necesarios a efectos de emitir informe, deberán informar sobre las cuestiones planteadas en el plazo de un mes desde la solicitud por parte del Presidente siempre que se cuente con el expediente completo. Este plazo se interrumpirá en el caso de que sea necesario solicitar aclaraciones o informes para la resolución de la discrepancia.

Cuando las resoluciones y acuerdos adoptados por la Entidad Local sean contrarios al sentido del informe del órgano interventor o al del órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera, se incluirán en los informes referidos en los apartados 6 y 7 de este artículo.(...)"

Advirto por escrito que deberá constar documentalmente acreditado no expediente o cumprimento do disposto na cláusula 21 dos PCA : "(...)el licitador presentará, antes de comenzar la ejecución del contrato y una vez firmada la aceptación del acuerdo de adjudicación que le sea notificado, documentación acreditativa de la existencia de un Seguro de Responsabilidad Civil, con aseguradora legalmente autorizada, con el objeto de cubrir las obligaciones derivadas del objeto del contrato. Dicho seguro de Responsabilidad Civil deberá tener un límite de indemnización no inferior a 150.000 euros por siniestro y año para cubrir los daños materiales y/o personales y perjuicios consecuentes ocasionados a terceros". Tal extremo será obxecto de comprobación por esta intervención na fase contable de recoñecemento de obrigas."

Visto o informe emitido pola axente de desenvolvemento local, co visto e praxe da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, de data 17 de marzo de 2025 (CVD: f5/0JDR0L4VC8+Ez8RPg), que transcrito di:

“Asunto: contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado dos “Subministros e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025”. (Lotes 3, 5 e 6)

A nosa ref.: 10 ADL

TEDeC expte: 2024/C005/000013

En relación co informe de intervención con reparos supensivos á contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado dos **“Subministros e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025”** de data 13.03.2025 (CVD: 20nEHxO7Q/QQwLobGCjN), emítese o seguinte

INFORME

Como antecedentes de feito mais relevantes para o asunto que nos ocupa, cabe mencionar os seguintes:

- Con data 13/03/2025 asínase no TEdEC informe de intervención (Referencia LMR LOTES 3_5_6 FASE D/2025) (CVD: 20nEHxO7Q/QQwLobGCjN) co asunto: fiscalización previa á adxudicación dos lotes 3, 5 e 6 correspondentes ao contrato das subministracións e dos servizos para a execución do taller de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II”. Expediente: 2024/C005/000013, con resultado de:

“Fiscalizado **desfavorablemente CON efectos suspensivos** por aplicación do artigo 216.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais):

- **X*.A:** tal e como advertín no meu informe referencia LMR-BIS PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II-A/2024 asinado o 16.12.2024 (CVD: WFjMYUJao1klbfBW4Rgk), **os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato.**”
- Providencia do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo, de data 17 de outubro de 2024, pola que se solicita iniciar expediente de contratación dos subministros e servizos necesarios para a posta en marcha e execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario - Educativo II 2024 - 2025, coa documentación necesaria para axilizar o procedemento de contratación: memoria, prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas. (CVD: RbsoaaH7UtrKX211bTnK)
- Memoria xustificativa da necesidade e idoneidade do contrato mixto de “subministros e servizos para a execución do obradoiro de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025”, de data 24 de outubro de 2024 asinado pola axente de desenvolvemento local e co visto e praxe da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo (CVD: DJL/20vyGkgt2xuMaLEf)
- Pregos de Prescricións Técnicas que rexerán a adxudicación do contrato mixto de “subministros e servizos necesarios para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025, ainado o día 18/10/2024 (CVD: n+hm0aJPQWnhgJyzt72)
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP dos subministros e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025.
- Documento RC de retención de crédito adecuado e suficiente co número de operación: 220240009363, asinado pola intervención municipal o día 21/10/2024, polo importe de 20.696,74 euros con cargo ás partidas

orxamentarias 241 22606 2024 3 241 “conferencias e cursos de fomento de emprego” (nº de referencia 22024004519 e importe 8.772,50 €), e 241 22199 2024 3 241 “otros suministros fomento de empleo” (nº de referencia 22024004520 e importe 12.197,24 €).

- *Providencia de alcaldía, de data 24 de outubro de 2024, de inicio do expediente de contratación do “contrato mixto de subministros e servizos para a execución do obradoiro de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II 2024-2025. (CVD: N/+AzVoCoGxQfq8GxXkO)*
- *Informe de Secretaría de data 11 de novembro de 2024, asinado pola secretaria relativo ao inicio do expediente de contratación das subministracións e servizos para a execución do taller de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025 (CVD: V6Jh1nCA5/islXBmOIJ8), con resultado de desfavorable ao prego de cláusulas administrativas particulares en determinadas cuestións, e ao expte de contratación.*
- *Informe de fiscalización previa da aprobación do expediente (fase A) de contratación das subministracións e servizos para a execución do taller de emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario -Educativo II” 2024-2025 expediente TEDeC 2024/C005/000013, con resultado de reparos (se non son solventados terán carácter suspensivo a partir da fase de adxudicación (D), art.216.2.c TRLFL) (CVD: GlwmcNpdWwKN8b7JseHo) asinado con data 19/11/2024 no TEDeC.*
- *Informe para a corrección de erros detectados nos documentos de contratación asinado con data 19 de novembro de 2024 (CVD: A4czhN5pek/PT91iCx58) e Informe de modificación de contrato con corrección de erros asinado con data 10 de decembro de 2024 (CVD: JOSngknF2B3Bxc+kSOLI).*
- *Memoria CORREXIDA xustificativa da necesidade e idoneidade do contrato mixto de “subministros e servizos para a execución do obradoiro de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025”, de data 10 de decembro de 2024 asinada pola axente de desenvolvemento local e co visto e praxe da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local e do concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo (CVD: a5zcd+l3c+sluPm7mugn)*
- *Prego de Prescricións Técnicas CORREXIDO que rexerán a adxudicación do contrato mixto de “subministros e servizos necesarios para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025, ainado o día 10 de decembro de 2024 (CVD: AuaE20FeuUp98cNq/c8B)*
- *Prego de Cláusulas Administrativas Particulares CORREXIDO para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP dos subministros e servizos para a execución do Obradoiro de Emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025 incorporado ao expediente o día 10 de decembro de 2024.*
- *Informe de Secretaría de data 13 de decembro de 2024, asinado pola secretaria relativo á modificación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación das subministracións e servizos para a execución do taller de emprego “PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025 (CVD: SK+NvG+4AQdMB0+ZrVeG), con resultado de desfavorable ao prego de cláusulas administrativas particulares en determinadas cuestións, e ao expte de contratación.*
- *Informe de Intervención do 16 de decembro de 2024 de fiscalización previa da aprobación do expediente (fase A) de contratación das subministracións e servizos para a execución do taller de emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II” 2024-2025 (con base na corrección de erros da memoria e dos pregos) (CVD: WFjMYUJao1klbfBW4Rgk), con resultado de fiscalizado con reparos (se non son solventados terán carácter suspensivo a partir da fase de adxudicación (D), art.216.2.c TRLFL).*
- *Anuncio de Licitación e Anuncio de Pregos, publicados o día 18 de decembro de 2024 na Plataforma de Contratación do Sector Público, cun prazo de presentación de ofertas ata o día 03 de xaneiro do 2025.*

- Acta do Órgano de asistencia á XGL do 4 de febreiro do 2025, (CVD: rI2KDn/2dXPYLA8HnIJK) polo que se propón a adxudicación dos seguintes lotes ás empresas:
 - Lote 3: BURO PLANET S.L.U.
 - Lote 5: PUBLIPRINTERS GLOBAL S.L.
 - Lote 6: GÁLICA CONSULTORÍA E FORMACIÓN Soc. Coop. Galega.

Non se presentou ningunha oferta ó lote 4.

- Informe sobre a documentación aportada polas empresas propostas como adxudicatarias dos lotes 3, 5 e 6 respecto da cláusula 16 do PCAP, asinado o día 19 de febreiro de 2025 pola axente de desenvolvemento local (CVD: LDfLTsFdo40d4fVbFGYL).
- Acta do órgano de asistencia ao procedemento abreviado celebrada o día 21 de febreiro de 2025 pola que se corroboran os informes emitidos pola axente de desenvolvemento local, conforme á documentación presentada polas empresas propostas para a adxudicación dos lotes 3, 5 e 6, segundo a cláusula 16 do PCAP, é correcta (CVD: Qvtj43UFodvHaP/TIqJr)
- Informe de Secretaría de data 6 de marzo de 2025, asinado pola secretaria relativo á adxudicación dos Lotes 3 : "Subministración de material e papelería e oficina", Lote 5: "Subministración de cartelería e dossier informativo", e Lote 6: "Servizo de docencia para impartir módulos transversales" do contrato das subministracións e servizos para a execución do taller de emprego PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II" 2024-2025 (CVD: kBOaT7ALeuZM4S0poep3), con resultado de desfavorable.

De conformidade e para os efectos establecidos no artigo 15.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, teño que manifestar discrepancia respecto dos reparos suspensivos formulados pola interventora municipal no seu informe "LMR-BIS PROXEDIS SOCIO Sanitario-Educativo II A/2024 asinado o día 16.12.2024 (CVD: WFjMYUJao1klbfBW4Rgk)" antes sinalado polos motivos que seguidamente se expoñen:

1.- PRIMEIRO:

"X*. B non consta unha xustificación adecuada do obxecto accesorio deste contrato por canto non se concretan as razóns polas que a política de salvagarda de los convenios colectivos aplicables, y la correcta garantía de la gestión de los residuos que se produzcan durante la ejecución del contrato ás que se refire a cláusula 3 do PCA inciden na prestación principal."

O artigo 145.6 da LCSP indica que:

"Se considerará que un criterio de adjudicación está vinculado al objeto del contrato cuando se refiera o integre las prestaciones que deban realizarse en virtud de dicho contrato, en cualquiera de sus aspectos y en cualquier etapa de su ciclo de vida, incluidos los factores que intervienen en los siguientes procesos:

a) en el proceso específico de producción, prestación o comercialización de, en su caso, las obras, los suministros o los servicios, con especial referencia a formas de producción, prestación o comercialización medioambiental y socialmente sostenibles y justas;

b) o en el proceso específico de otra etapa de su ciclo de vida, incluso cuando dichos factores no formen parte de su sustancia material".

Directamente conectando co anterior está o indicado no Informe de Secretaría de data 13 de decembro de 2024 (CVD: SK+NvG+4AQdMB0+ZrVeG), no que, con relación a este punto, faise a seguinte consideración:

"Tendo en conta o disposto nos considerandos da Directiva 2014/24, en particular, no Considerando 104 e na "Guía para considerar los aspectos sociales en las contrataciones públicas" elaborada pola Comisión Europea en 2010, onde se especifica que o requisito da vinculación ao obxecto do contrato se cumpre nas condicións especiais de execución cando estas se efectúan ou realizan no cumprimento das prestación obxecto do contrato, non en outra, concorre no presente expediente unha falta de motivación que quebra o disposto no artigo 116.4 letra c) da LCSP, pois no expediente non consta xustificación algunha que conecte as condicións especiais de execución co obxecto do contrato e a non existencia de discriminación na súa configuración. Por tanto, obsérvase unha ausencia da debida motivación, que priva aos licitadores de coñecer os aspectos

concretos que levan á Administración contratante a súa fixación, incumpríndose , polo tanto, o disposto no artigo 116.4 da LCSP”.

Non pode compartirse a apreciación anterior de que a pretendida falta de motivación prive aos licitadores de coñecer os aspectos concretos que levan á Administración contratante a súa fixación e que esto vaia contra o establecido no artigo 116.4 c) da LCSP, en canto que estes extremos non estean xustificadas adecuadamente. As condicións especiais de execución do contrato (salvagarda dos convenios colectivos aplicables e correcta garantía da xestión dos residuos que se produzan durante a ececución do contrato) inciden na prestación principal, constituída principalmente por subministros (aínda que conte cun lote dirixido á contratación de servizos) e máis particularmente no procedemento de realización das diferentes prestacións:

